

**ANUNCIO DA ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DE PEÓNS DE SERVIZOS VARIOS – PROGRAMAS DE INTEGRACIÓN LABORAL 2026**

“

**SESIÓN DO 22/04/2026**

Presidente: Martín Blanco Buceta  
Secretaria: María Mariño Poza  
Vogal 1: Ignacio J. Pérez Hermo  
Vogal 2: Javier Viturro González  
Vogal 3: Carmen Santamaría Olveira

Na Casa Consistorial do Concello de Boiro, sendo as 10:00 horas do 22 de abril de 2026, reúnen-se os membros do tribunal designado para a confección dunha bolsa de contratación para a cobertura temporal de prazas de peóns de servizos varios (programas de integración laboral).

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 53 de data de 20 de marzo de 2026, na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

Con data 17/02/2026, o tribunal de selección publicou as puntuacións provisionais outorgadas nos exercicios da oposición e valoración de méritos, concedendo 2 días para a presentación de posibles alegacións ás mesmas.

O obxecto desta sesión é a resolución de alegacións ás puntuacións provisionais dos exercicios da oposición e valoración de méritos así como a asignación das puntuacións definitivas ca proposta de bolsa de emprego.

**1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS.**

A candidata D<sup>a</sup> Adelaida Rebolledo V presentou alegación á puntuación obtida no segundo exercicio da oposición, na que en síntese solicita que non estando conforme ca mesma, se revise a puntuación outorgada con indicación dos criterios de corrección, así como a comprobación de posibles erros na valoración efectuada.

Á vista destas alegacións presentadas, o tribunal cualificador procedeu á revisión íntegra da proba realizada pola candidata, comprobando que a puntuación provisional outorgada se axusta plenamente aos criterios de avaliación previamente establecidos e comunicados aos aspirantes antes do inicio do exercicio, consistentes na resposta a seis preguntas prácticas cunha puntuación determinada para cada unha delas. Na valoración tivéronse en conta parámetros directamente relacionados coas funcións propias do posto, relacionadas cas tarefas a desenvolver, o manexo de ferramentas, a capacidade de resolución de problemas, a iniciativa e o traballo en equipo, constatándose durante o desenvolvemento do exercicio que as respostas emitidas non evidenciaron un grao axeitado de dominio e adecuación da candidata en varios destes aspectos. Así mesmo, faise constar que o proceso de corrección se realizou de forma obxectiva e conforme aos criterios fixados, non detectándose erro material ningún na valoración efectuada. En consecuencia, e tras a correspondente deliberación, o tribunal, por unanimidade, acorda desestimar as alegacións presentadas e manter a puntuación inicialmente outorgada, ao

considerar que reflicte fielmente os resultados demostrados pola candidata, non procedendo neste trámite a emisión de valoracións individualizadas en canto á retroalimentación adicional para corrección de erros.

O candidato D. Roberto Rodríguez P presentou alegación á puntuación obtida no apartado de valoración de méritos, indicando que achegou catro títulos que, ao seu xuízo, permitirían acadar a puntuación máxima de 2 puntos, solicitando a correspondente revisión. Examinada novamente a documentación presentada, así como a valoración inicialmente realizada (1,3 puntos desagregados en 1 punto por un curso de 730 horas, 0,10 puntos por un curso de 35 horas e 0,20 puntos por un curso de 64 horas), o tribunal constata que esta se axusta aos criterios establecidos nas bases. En particular, non se procedeu á valoración do curso de "Iniciación Mariñeira" ao non gardar relación directa coas funcións dos postos convocados. Así mesmo, unicamente se tiveron en conta aqueles certificados formativos vinculados aos postos ofertados e impartidos por organismos públicos competentes —Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, Administración Xeral do Estado, universidades públicas e Servizo Público de Emprego— ou debidamente homologados por estes. En consecuencia, non se aprecia erro na puntuación outorgada, polo que procede desestimar a alegación presentada e manter a valoración inicial.

## 2.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS.

Unha vez sumadas as puntuacións obtidas polas persoas candidatas, resultan as seguintes puntuacións por orde decrecente:

NOME	PUNTOS 1º EXERCICIO	PUNTOS 2º EXERCICIO	CURSOS (MAX. 2)	TOTAL PUNTOS
JESUS MARIÑO T	10	9,5	1,1	20,6
JOSE LUIS SUAREZ O	9,32	8,75	0	18,07
ROBERTO RODRIGUEZ P	8,66	8	1,3	17,96
ANTONIO SANCHEZ O	9,32	7	0	16,32
FERNANDO A. CARVALHO L	6,99	7,25	2	16,24
JOSE MANUEL PARDAVILA S	8,66	7	0,3	15,96
JOSE MARIÑO L	8,99	6,75	0	15,74
JOSE M. COLLAZO SU	8,33	7,25	0	15,58
HECTOR MIGUEL SANCHEZ M	7,99	6,25	0	14,24
LAURA SILVA F	7,66	5	0	12,66
ADELAIDA REBOLLIDO V	5	4,25	1	10,25

## 3.- PROPOSTA DE LISTAXE DE CONTRATACIÓN.

Ségundo a base 4ª das bases que rexen este proceso selectivo, establecerase un número máximo de 15 persoas candidatas.


Na base 12º faise constar que: "concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de lista de contratación temporal das persoas aspirantes que tivesen superada a fase de oposición por orde decrecente da puntuación total final (suma das puntuación dos exercicios da oposición e do concurso de méritos), que determinará a orde de prelación para a súa contratación.

Esta bolsa de emprego aprobarase e quedará definitivamente constituída por Resolución de Alcaldía. As persoas integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

Nº	NOME
1	JESUS MARIÑO T
2	JOSE LUIS SUAREZ O
3	ROBERTO RODRIGUEZ P
4	ANTONIO SANCHEZ O
5	FERNANDO A. CARVALHO L
6	JOSE MANUEL PARDAVILA S
7	JOSE MARIÑO L
8	JOSE M. COLLAZO SU
9	HECTOR MIGUEL SANCHEZ M
10	LAURA SILVA F

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 10.30 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe."

O presidente do tribunal,  
Martín Blanco Buceta



A secretaria do tribunal,  
María Mariño Poza

